



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
Praza Constitución, 1  
Tfnos.: 986 570165/570030  
Fax: 986 570233

## ANUNCIO

O Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada en data 10.12.15, previos os informes e trámites preceptivos, aprobou inicialmente o procedemento de desafectación promovido por D. José Luis Reimóndez Lagos e Dna. Amparo Asorey Cotovad, relativo a anaco de camiño público radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da ZCP de San Miguel de Castro ( Constenla ), segundo a seguinte descripción, por considerar que reúne os trazos legalmente esixibles de *parcela sobrante*, de acordo coa información técnica obrante no expediente:

Superficie	Leiras colindantes
445,00 m2	Radicado en Constenla, San Miguel de Castro. Linda, Norte, fincas 427 e 428 ZCP de San Miguel de Castro, e resto de camiño público. Sur, finca 479 e ADIF. Leste, finca 479 e camiño público. Oeste, ADIF e fincas 427 e 428.

Co gallo de que calquera persoa física ou xurídica poda examinar o procedemento e, de se-lo caso, presentar alegacións/suxestións/reclamacións, este expediente sométese a trámite de información pública durante o prazo de **1 mes**, computado a partires da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa inserción no Taboleiro municipal de anuncios e editos, da súa publicación nun diario de gran difusión provincial, e, da notificación individual do amentado acordo aos propietarios colindantes.

Lugar e horario de exhibición do expediente:

Departamento de Urbanismo ( 3º andar ) da Casa Consistorial. De luns a venres ( agás festivos ), de 09:00 a 14:00 horas.

A Estrada, 16 de decembro de 2015.  
O ALCALDE,

Asdo. / José C. López Campos.